

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

PREPARATIVOS E ORDES DE CIRO PARA A BATALLA.

Κῦρός τε καταπηδήσας ἀπὸ τοῦ ἄρματος τὸν θώρακα ἐνεδύετο καὶ ἀναβὰς ἐπὶ τὸν ἵππον τὰ παλὰ εἰς τὰς χεῖρας ἔλαβε, τοῖς τε ἄλλοις πᾶσι παρήγγελλεν ἐξοπλίζεσθαι καὶ καθίστασθαι εἰς τὴν ἑαυτοῦ τάξιν ἕκαστον.

Notas. **1.** Κῦρος, Κύρου: Ciro (rei de Persia). **2.** ἐνεδύετο, imperfecto medio de ἐνδύω. **3.** ἀναβὰς participio de aoristo de ἀναβαίνω. **4.** καθίστασθαι = “*situarse*”, “*colocarse*”, con suxeito ἕκαστον.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise sintáctica de Κῦρός τε καταπηδήσας ἀπὸ τοῦ ἄρματος τὸν θώρακα ἐνεδύετο.
2. Análise morfolóxica de πᾶσι e de καθίστασθαι.
3. O rei Ciro na obra de Xenofonte.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος “cabalo” e con χεῖρ, χειρός “man”.

b) Contestar obrigatoriramente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. Sócrates e a súa escola nas *Nubes* de Aristófanes.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

EFFECTOS DA PALABRA DE SÓCRATES NOS SEUS OÍNTES

ὅταν γὰρ ἀκούω Σωκράτους, πολὺ μοι μᾶλλον ἢ τῶν Κορυβάντων ἢ τε καρδία πηδᾶ καὶ δάκρυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου, ὁρῶ δ' ἄλλους παμπόλλους τὰ αὐτὰ πάσχοντας.

Notas. **1.** Σωκράτους xenitivo, réxime de ἀκούω. **2.** Σωκράτης, Σωκράτους, Sócrates (filósofo). **3.** Κορύβας, Κορύβαντος, os *coribantes* (sacerdotes de Cibeles, con ritos orxiásticos). **4.** ὑπὸ “a causa de”, “por efecto de”. **5.** πάσχοντας completiva de participio dependente de ὁρῶ.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise morfolóxica de πηδᾶ e de ἐκχεῖται
2. Liñas principais do ensino de Sócrates.
3. Análise sintáctica de ἢ τε καρδία πηδᾶ καὶ δάκρυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἀκούω, “oír, escoitar” e con καρδία “corazón”.

b) Contestar obrigatoriramente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. Sócrates e a súa escola nas *Nubes* de Aristófanes.

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ἮΝ ΑΛΙΑΔΟ ΛΕΜΒΡΑΛΛΕΣ ὉΣ ΛΑΚΕΔΕΜΟΝΙΟΣ Α ΣΥΑ ΑΧΥΔΑ

᾿Ω Ἀγησίλαε καὶ Λακεδαιμόνιοι, ἐγὼ ὑμῖν, ὅτε τοῖς Ἀθηναίοις ἐπολεμεῖτε, σύμμαχος ἐγενόμην καὶ χρήματα παρέχων τὸ μὲν ναυτικὸν τὸ ὑμέτερον ἰσχυρὸν ἐποίουν.

NOTAS. 1. Ἀγησίλαος, Axesilao (rei de Esparta), Λακεδαιμόνιοι, lacedemonios (ou espartanos), Ἀθηναῖοι, atenienses. 2. παρέχω 'dar, facilitar'. 3. ἐποίουν con τὸ ναυτικὸν τὸ ὑμέτερον como complemento directo e ἰσχυρὸν como predicativo dese complemento.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise sintáctica de ἐγὼ ὑμῖν, ὅτε τοῖς Ἀθηναίοις ἐπολεμεῖτε, σύμμαχος ἐγενόμην.
2. Obras e temas principais en Xenofonte.
3. O conflito entre Esparta e Atenas.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con πόλεμος e πολέμῳ "guerra, guerrear" e con ποιέω "facer".

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

Sensación que causan en Sócrates as palabras dos seus acusadores.

Οὐκ οἶδα ὅ τι μὲν ὑμεῖς, ᾧ ἄνδρες Ἀθηναῖοι, πεπόνθατε ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν, ἐγὼ δὲ καὶ αὐτὸς ὑπ' αὐτῶν ὀλίγου ἐμαυτοῦ ἐπελαθόμην, οὕτω πιθανῶς ἔλεγον.

NOTAS.- 1. Ἀθηναῖοι, "atenienses". 2. πεπόνθατε, perfecto de πάσχω. 3. ὑπὸ "por obra de". 4. ἐγὼ δὲ καὶ αὐτὸς, "eu mesmo, pola miña parte ..." 5. ὀλίγου "por pouco", non vai unido a ἐμαυτοῦ. 6. ἐπελαθόμην, de ἐπιλανθάνω.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise sintáctica dende οὐκ οἶδα ... ata ... ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν.
2. Liñas principais da biografía de Platón en relación co seu ideario ético e político.
3. Causas e desenlace do proceso de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con αὐτός 'o mesmo' e con ὀλίγος 'pouco, escaso, pequeno'.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo **CUN (1)** punto.

Na TRADUCIÓN consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na

consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas PREGUNTAS valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.-.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN

PREPARATIVOS E ORDES DE CIRO PARA A BATALLA

Ciro, tras saltar do carro, vestiu a coiraza e, tras subir ó cabalo, colleu nas súas mans os dardos e ordenaba a tódolos outros que se armasen e que cada un se colocase no seu posto.

II.- PREGUNTAS

a) 1. ANÁLISE SINTÁCTICA DE Κῦρος τε καταπηδήσας ἄπὸ τοῦ ἄρματος τὸν θώρακα ἐνεδύετο

Κῦρος suxeito do verbo ἐνεδύετο con complemento directo τὸν θώρακα. O participio καταπηδήσας concerta co suxeito e del depende o xenitivo ablativo ἄπὸ τοῦ ἄρματος.

2. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE πᾶσι E DE καθίστασθαι

πᾶσι: dativo de plural masculino (e neutro) do pronome πᾶς, πᾶσα, πᾶν: raíz παντ- e desinencia -σι.

καθίστασθαι: infinitivo de presente, voz media, de καθίστημι: preverbio καθ-, reduplicación de tema de presente *si- > ι-, raíz verbal στα-, desinencia de infinitivo, voz media, -σθαι.

3. O rei Ciro na obra de Xenofonte

Xenofonte na *Ciropedia*, ademais de expor a “educación de Ciro” o *Vello* ou *Grande*, fixo unha biografía idealizada deste rei do s. VI a.C., creador do imperio persa. Este Ciro, que non é *Ciro o Novo*, da *Anábese*, s. V a.C., é presentado como o príncipe ideal polas súas virtudes morais e militares, pero de forma pouco respectuosa coa verdade histórica: a *Ciropedia* é mais ben unha historia novelada. No fondo desta obra están as ideas e o optimismo socrático e sofístico sobre a educación ou *paideía* que aspira a formar o home cabal, o bo cidadán, o bo gobernante.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON ἵππος “CABALO” E CON χεῖρ, χειρός “MAN”

ἵππος: *hipo-* en compostos como *hipocampo* ou cabaliño de mar; *hipódromo*, pista para carreiras de cabalos; *hipopótamo* ou ‘cabalo de río’; adxectivo *hípico*, *hípica*, ‘relativo ó cabalo’: concurso *hípico*, deporte *hípico*...

χεῖρ: *cirurxía*, *cirúrxico*, *quirófano*... como ‘traballo manual’ (e o seu lugar) especializado na práctica da Medicina; *quirópteros*, os morcegos e vampiros, con alas formadas por membranas entre os dedos das extremidades superiores; *quiromancia* ou adiviñación polas raias das mans. Ademais, *quioprático*, *quiroteca*...

b) 1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos –tamén aristócratas-, con poemas nos que a cidade ou o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre as iras do mar tormentoso; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial épicos.

2. SÓCRATES E A SÚA ESCOLA NAS *NUBES* DE ARISTÓFANES:

Aristófanes fai unha presentación de grande e moi hábil comicidade, pero de pouca realidade, pois confunde a Sócrates co peor da Sofística que coas súas habilidades retóricas sabe converter o *lógos ádikos* ou ‘causa inxusta’ en *lógos dikaios* ou ‘causa xusta’; non é equivocada, pero tampouco é a mais axeitada, a presentación de Sócrates como *tà metéora phrontistés* ou ‘pensador dos fenómenos celestes’, xa que as súas preocupacións cosmolóxicas foron moi secundarias fronte ó interese polo home e polas súas capacidades de coñecemento, elección e práctica do ben. Aristófanes foi inxusto en presentar a Sócrates como exemplo do intelectual perigoso, corruptor da xente nova: cómpre recordarmos que o ano 399, na crise total de Atenas trala súa derrota, Sócrates foi condenado a morte cos cargos de ateo e corruptor que xa están insinuados nas *Nubes* de Aristófanes o ano 423.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN

EFECTOS DA PALABRA DE SÓCRATES NOS SEUS OÍNTES

Pois cando escoito a Sócrates, o corazón saltame moito mais do que os coribantes e verte bágoas a causa das súas palabras, e vexo que a moitos outros lles ocorre o mesmo.

II.- PREGUNTAS

a) 1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE πηδᾶ E DE ἐκχεῖται

πηδᾶ, terceira persoa de singular, presente de indicativo, voz activa, do verbo πηδάω. Raíz πηδα-, vogal temática -ε-, que contrae con -α- da raíz; a desinencia primaria -ι vai ‘subscrita’ baixo a -α longa precedente.

ἐκχεῖται, terceira persoa de singular, presente de indicativo, voz media, do verbo ἐκχέω: preverbio ἐκ-, raíz χε(F)-, vogal temática -ε-, que contrae

con -ε- da raíz en -ει-, desinencia media primaria -ται.

2. LIÑAS PRINCIPAIS DO ENSINO DE SÓCRATES

Polos diálogos de Platón e tamén por obras de Xenofonte sabemos que o interese principal do ensino de Sócrates, que se consideraba movido por un *daímon* ou demo, estivo no home, na súa capacidade para coñecer e nos valores morais, pois a conduta inxusta non é outra cousa que ignorancia. Sócrates ten pouco interese en cuestións teo- e cosmolóxicas. O diálogo foi o seu instrumento pedagóxico e Platón fixo del unha das máis brillantes creacións da Literatura Grega, con Sócrates como interlocutor protagonista.

3. ANÁLISE SINTÁCTICA DE ἡ τε καρδία πηδᾶ καὶ ἄκραυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου

Suxeito ἡ καρδία dos verbos πηδᾶ καὶ ἐκχεῖται; ἄκραυα é complemento directo de ἐκχεῖται. Cos dous verbos está o complemento circunstancial, xenitivo de causa, ὑπὸ τῶν λόγων τῶν determinado polo xenitivo posesivo τούτου.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON ἀκούω, ‘OÍR, ESCOITAR’ E CON καρδία ‘CORAZÓN’

ἀκούω: *acústica* ou física dos sons, adxectivo *acústico*, -a, relativo ó órgano do oído e á percepción dos sons; *hipoacusia* ou déficit na capacidade auditiva.

καρδία: *cardioloxía*, *cardiopatía*, *cardiópata*, *electrocardiograma*, *cardiocirurxía*, *miocardite*, *endocardite*... e demais palabras nas que *cardio-* e *-cardite* significan medicina, enfermidades e enfermos do corazón.

b) 1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo:

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. Aloita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos –tamén aristócratas–, con poemas nos que a cidade ou o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre as iras do mar tormentoso; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial épicos.

2. Sócrates e a súa escola nas *Nubes* de Aristófanes

Aristófanes fai unha presentación de grande e moi hábil comicidade, pero de pouca realidade, pois confunde a Sócrates co peor da Sofística que coas súas habilidades retóricas sabe converter o *lógos ádikos* ou ‘causa inxusta’ en *lógos dikaios* ou ‘causa xusta’; non é equivocada, pero tampouco é a mais axeitada, a presentación de Sócrates como *tà metéora phrontistés* ou ‘pensador dos fenómenos celestes’, xa que as súas preocupacións cosmolóxicas foron moi secundarias fronte ó interese polo home e polas súas capacidades de coñecemento, elección e práctica do ben. Aristófanes foi inxusto en presentar a Sócrates como exemplo do intelectual perigoso, corruptor da xente nova: cómpre recordarmos que o ano 399, na crise total de Atenas trala súa derrota, Sócrates foi condenado a morte cos cargos de ateo e corruptor que xa están insinuados nas *Nubes* de Aristófanes o ano 423.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN

UN ALIADO LÉMBRALLES ÓS LACEDEMONIOS A SÚA AXUDA

¡Ouh Axesilao e lacedemonios! Cando loitabades contra os atenienses, fun aliado voso e facilitándovos diñeiro fortalecía a vosa flota.

II.- PREGUNTAS

a) 1. ANÁLISE SINTÁCTICA DE ἔγώ ὑμῖν, ὅτε τοῖς Ἀθηναίοις ἐπολεμεῖτε, σύμμαχος ἐγενόμην.

ἔγώ ὑμῖν ... σύμμαχος ἐγενόμην é a oración principal, na que ἔγώ é suxeito, σύμμαχος é predicado do suxeito e ten ὑμῖν como complemento; ἐγενόμην é o verbo que une suxeito e predicado.

ὅτε τοῖς Ἀθηναίοις ἐπολεμεῖτε é unha oración subordinada temporal con ὅτε como conxunción temporal, suxeito elíptico vos de ἐπολεμεῖτε verbo con τοῖς Ἀθηναίοις dativo como complemento indirecto ou circunstancial ('loitar contra os atenienses').

2. Obras e temas principais en Xenofonte

Escritor ateniense do século V-IV, discípulo de Sócrates, do que nos fala nos seus *Recordos de Sócrates* e na *Apoloxía de Sócrates*. Entre as súas obras podemos destacar a *Historia Helénica*, que é continuación do relato que Tucídides fixo da Guerra do Peloponeso e chega ata o ano 362; é obra de interese, pero tamén de ton menor en comparación coa de Tucídides. Na *Ciropedia* o rei persa Ciro o Grande (ou Vello) é presentado como o príncipe ideal polas súas virtudes morais e militares, pero de forma pouco respectuosa coa verdade histórica. Na *Anábase* conta a súa intervención na campaña de Ciro o Novo contra o seu irmán Artaxerxes e, sobre todo, a retirada que, morto Ciro, tiveron que facer os mercenarios gregos atravesando Anatolia ata chegaren ó Mar Negro.

3. O conflito entre Esparta e Atenas

Despois das Guerras Médicas, mentres Esparta renuncia a unha política de protagonismo e expansión, Atenas crece co seu imperialismo talasocrático e entra logo en conflito con Esparta e os seus aliados. O 431 empeza a chamada Guerra do Peloponeso que, historiada por Tucídides e por Xenofonte, vai ter alternativas varias, pero acabará con dúas graves derrotas de Atenas: en Siracusa (Sicilia) o ano 413 e na batalla naval de Egospótamos (Tracia) o ano 405. A confrontación entre Atenas e Esparta, cos seus respectivos aliados, foi tamén un conflito entre a forma democrática de goberno

con que se rexía Atenas e as formas aristocráticas e oligárquicas de Esparta e aliados; pero hai que ter en conta que o imperialismo de Atenas non tiña nada de democrático en cómo exerceu o goberno sobre os seus "aliados" e sometidos. Esparta foi a vencedora, pero da vencida Atenas nos vén a maior parte da herdanza greca que aínda temos.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON Πόλεμος e Πολεμέω 'GUERRA, GUERREAR' E CON ποιέω 'FACER'.

πόλεμος e πολεμέω: *polémica*, arte que ensina a atacar ou defender unha posición; controversia sobre calquera asunto; adxectivo, *polémico*, -ca, relativo á polémica; *polemista*, o que sostén polémicas; *polemizar*, soste ou establecer unha polémica. *Polemarca* en Grecia, un dos arcontes que era, á vez, xeneral do exército.

ποιέω: *poesía*, *poeta*, *poema*, *poética*, *poetisa*, *poetizar*, todos relativos á *poesía* como 'creación' e ó *poeta* como 'creador'. *Hematopoiese*, *cardiopoiese*, *hepatopoiese*, *trombopoiese* e outros termos médicos compostos con *-poiese* 'creación, formación'; *onomatopea* ou voz que imita un son, *etopea* ou descrición do carácter dunha persoa, e outros termos compostos con *-pea* 'formación'.

b) 1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.

Aristocracia, con ἀρετή ou excelencia que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou 'gloria indestrutible'. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera.

2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico

Tendo como guía principal o *Edipo Rei* de Sófocles podemos considerar que Edipo é un exemplo do home que cae nunha rede de desgrazas das que é suxeito activo, pero involuntario ou inconsciente: mata o seu pai, casa coa súa nai e, cando en castigo destes crimes a desgraza e a peste caen sobre Tebas, Edipo é o rei bo e xusto que quere o ben da súa cidade e da súa xente, pero vai descubrir que el é o culpable de todo. Edipo castígase ca cegueira e co desterro. O contraste brutal entreo Edipo rei xusto e sabio e Edipo caído na desgraza fai que o Coro remate a traxedia coa reflexión de que non se pode ter por feliz a ningún mortal ata que acabe a súa vida.

OPCIÓN 2: PLATÓN**I.- TRADUCCIÓN**

Sensación que causan en Sócrates as palabras dos seus acusadores.

Non sei, atenienses, qué sentistes por obra dos meus acusadores. No meu caso estiven a piques de me esquecer de min mesmo por causa deles, tan persuasivamente falaban.

II.- PREGUNTAS

a) 1. ANÁLISE SINTÁCTICA DESDE οὐκ οἶδα ... ΑΤΑ ... ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν.

Οὐκ οἶδα é a oración principal, con οὐκ adverbio de negación, suxeito elíptico *eu*, e verbo οἶδα; ὦ ἄνδρες Ἀθηναῖοι é vocativo, forma parte do discurso, pero non das oracións coas que está en contacto; ὅ τι μὲν ὑμεῖς ... πεπόνθατε ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν é unha oración subordinada interrogativa indirecta dependente da oración principal οὐκ οἶδα, con suxeito ὑμεῖς, verbo πεπόνθατε, complemento directo ὅ τι, complemento circunstancial (xenitivo de causa) ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν.

2. Liñas principais da biografía de Platón en relación co seu ideario ético e político

Como discípulo de Sócrates e, polo tanto, pouco atento a problemas de cosmoxía, Platón céntrase no estudo do home como ser intelixente e libre, suxeito de dereitos e de obrigas na *pólis* en que vive. Pola súa orixe familiar e polos círculos que frecuentou nunca foi Platón simpatizante coas formas democráticas de goberno e máis ben se caracteriza por un certo pesimismo intelectual e ético fronte á democracia, pesimismo definitivo pola condena inxusta do seu mestre Sócrates, condena que desenganou a Platón de todo interese persoal na acción política. Neste desengano está tamén o fracaso das súas estancias en Siracusa, pois non se entendeu ben cos tiranos Dionisio I e II, dos que non podía aprobar os excesos. Esta experiencia foi o fracaso do seu ideal de que os gobernantes filosofasen e os filósofos gobernasen.

3. Causas e desenlace do proceso de Sócrates

A Atenas do s. V vive un tenso debate entre as formas ideolóxicas tradicionais, conservadoras... e a “ilustración” crítica da tradición en todas as ordes, especialmente no relixioso e no político. Sócrates marcou diferencias claras fronte á tradición, pero foi inxustamente confundido cas correntes máis radicais da ilustración sofisticada: nas *Nubes* de Aristófanes, ano 423, é presentado como o que ensina a converter o *lógos ádikos* ou ‘causa inxusta’ en *lógos díkaios* ou ‘causa xusta’ e como intelectual perigoso, corruptor da xente nova: o ano 399, na crise total de Atenas trala súa derrota ante Esparta, Sócrates foi condenado a morte precisamente cos cargos de ateo e corruptor da xuventude que xa

estaban insinuados en Aristófanes. En realidade Sócrates, que tiña o seu interese dominante no home e nas súas capacidades de coñecemento, elección e práctica do xusto, era inocente deses cargos e tivo a ironía de propor como alternativa á pena de morte a honra de ser mantido cos fondos públicos en pago ó ben que co seu ensino facía ós seus concidadáns.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON αὐτός ‘O MESMO’ E CON ὀλίγος ‘POUCO, ESCASO, PEQUENO’

αὐτός: compostos con *auto-* para significar ‘propio’, ‘por un mesmo’, por exemplo, *autobiografía*, vida dunha persoa escrita por ela mesma; *autobombo*, eloxio desmesurado que se fai un de si mesmo; *autocracia*, sistema de goberno no que a vontade dun só home é a suprema lei; *autóctono*, *autónomo*, *autonomía*, *autógrafo*, *autómata*, *automóbil*...

ὀλίγος: compostos nos que *olig(o)-* significa ‘pouco, escaso, insuficiente’: *oligarquía*, goberno de poucos; *oligarca*, cada un dos individuos que compoñen unha oligarquía; *oligoceno*, período da era terciaria, entre o eoceno e o mioceno; *oligocitemia*, diminución dos glóbulos vermello no sangue; *oligofrenia*, debilidade mental innata; *oligopolio*, aproveitamento por poucas persoas dunha industria ou comercio; *oligotriquía*, crecemento escaso do cabelo, de orixe conxénita.

b) 1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.

Aristocracia, con ἀρετή ou excelencia que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou ‘gloria indestrutible’. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco o ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera

2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

Tendo como guía principal o *Edipo Rei* de Sófocles podemos considerar que Edipo é un exemplo do home que cae nunha rede de desgrazas das que é suxeito activo, pero involuntario ou inconsciente: mata o seu pai, casa coa súa nai e, cando en castigo destes crimes a desgraza e a peste caen sobre Tebas, Edipo é o rei bo e xusto que quere o ben da súa cidade e da súa xente, pero vai descubrir que el é o culpable de todo. Edipo castígase coa cegueira e co desterro. O contraste brutal entre Edipo rei xusto e sabio e Edipo caído na desgraza fai que o Coro remate a traxedia coa reflexión de que non se pode ter por feliz a ningún mortal ata que acabe a súa vida.